

# **INFORME**

## **PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

**EXERCICIO 2021**

# INFORME PRESTACIÓNS PERIÓDICAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

**Informe elaborado por:**

Secretaría Xeral da Igualdade.

Consellería de Emprego e Igualdade

Xunta de Galicia.

Abril de 2022

|                                                                                                                                                                                       |           |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1. Introducción.....</b>                                                                                                                                                           | <b>3</b>  |
| <b>2. Obxectivos.....</b>                                                                                                                                                             | <b>6</b>  |
| <b>3. Antecedentes legislativos.....</b>                                                                                                                                              | <b>6</b>  |
| <b>4. Resumo do programa de prestacións periódicas para vítimas de violencia de xénero da Xunta de Galicia.....</b>                                                                   | <b>10</b> |
| <b>5. Estudo de seguimento da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007.....</b>                                  | <b>16</b> |
| <b>5.1. Análise da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007 no período (2006-2021).....</b>                                | <b>16</b> |
| Orzamento do programa:.....                                                                                                                                                           | 17        |
| Evolución do número de solicitudes:.....                                                                                                                                              | 20        |
| Evolución do número de concesións:.....                                                                                                                                               | 22        |
| <b>5.2. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2021 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007.....</b>            | <b>26</b> |
| Prestacións aprobadas (ano 2021):.....                                                                                                                                                | 28        |
| Solicitudes denegadas (ano 2021):.....                                                                                                                                                | 31        |
| Acreditación da situación de violencia de xénero (ano 2021):.....                                                                                                                     | 34        |
| Lugar de residencia das beneficiarias da prestación (ano 2021):.....                                                                                                                  | 36        |
| Nacionalidade das beneficiarias da prestación (ano 2021):.....                                                                                                                        | 39        |
| Idade das beneficiarias da prestación (ano 2021):.....                                                                                                                                | 41        |
| Situación familiar das beneficiarias da prestación (ano 2021):.....                                                                                                                   | 42        |
| Beneficiarias da prestación con discapacidade (ano 2021):.....                                                                                                                        | 45        |
| Situación laboral e económica das beneficiarias (ano 2021):.....                                                                                                                      | 46        |
| Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación (ano 2021):.....                                                                                                                    | 48        |
| <b>5.3. Comparativa dos resultados da convocatoria do ano 2020 e 2021 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007.....</b> | <b>51</b> |
| <b>6. Conclusións:.....</b>                                                                                                                                                           | <b>59</b> |

# AVALIACIÓN 2021

## PRESTACIÓNS PERIÓDICAS DIRIXIDAS Á MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

### 1. INTRODUCCIÓN.

A promoción da igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres é unha responsabilidade de toda a sociedade. Son as administracións públicas as que teñen a obriga de promover as condicións necesarias para que os dereitos e liberdades das mulleres sexan iguais aos dos homes e se fagan efectivos.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego e Igualdade estableceu coma acción prioritaria o desenvolvemento de mecanismos legais, económicos e sociais que preveñan e loiten contra as situacións de violencia de xénero.

O Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 1.1 **o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade**. No artigo 1.4 establécese que as medidas que se adopten para a erradicación dos prexuizos de xénero acompañaranse dos oportunos programas e consignacións orzamentarias para que todas as cargas doméstico-familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar e reciban a protección económica e social correspondente.

PRESTACIÓNS  
PERIÓDICAS A  
VÍTIMAS

VIOLENCIA DE XÉNERO

ARTIGO 39

CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE

Nesta regulamentación tamén se fai una referencia directa no artigo 14 aos programas e campañas contra a violencia de xénero e a súa comunicación.

O artigo 39, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha **prestación económica de carácter periódico** dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá **dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor ou da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación e mais a intentar axudalas a romper coa situación de violencia.

A Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade regulará a prestación, **garantirá un prazo de solicitude aberto durante todo o ano**, e terá como persoas beneficiarias as vítimas de violencia de xénero.

Este informe dá cumprimento ao disposto na disposición adicional cuarta da Lei 11/2007 do 27 de xullo (modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo), que establece a obriga do Goberno da Xunta de Galicia de **remitir ao Parlamento de Galicia, con carácter anual, un informe sobre a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero**.

PRESTACIÓNS  
PERIÓDICAS A VÍTIMAS  
VIOLENCIA DE XÉNERO  
ARTIGO 39

**49.628.548,81 €**

ORZAMENTO  
NO PERIODO  
2006-2021

## A VIOLENCIA DE XÉNERO EN GALICIA.

A organización de Nacións Unidas define a violencia contra a muller como *«todo acto de violencia de xénero que resulte, ou poda ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller, incluídas as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se producen na vida pública coma na privada»*.

Na Axenda 2030 para o Desenvolvemento sostible a ONU establece 17 Obxectivos de desenvolvemento sostible. O obxectivo 5 é **acadar a igualdade de xénero, empoderando a todas as mulleres e nenas**.

**A violencia de xénero segue a ser unha prioridade dos gobernos e institucións.**

Segundo as estatísticas do Consello Xeral do Poder Xudicial, no ano 2021, en Galicia rexistráronse 6.259 denuncias por violencia de xénero, incrementándose nun 2,89% con respecto aos datos do ano anterior. Os datos provinciais indican que na provincia da Coruña rexistráronse o 41,33% do total de denuncias (2.587 denuncias), o 11,52 % en Lugo (720 denuncias), un 11,82% en Ourense (741 denuncias) e o 35,33% en Pontevedra (2.211 denuncias).

En relación ás ordes de protección e medidas cautelares (art.544 Ter e 544 Bis), no ano 2021 en Galicia, solicitáronse 1.784 das cales se adoptaron o 65,92%. En termos provinciais das 863 incoadas na provincia da Coruña, o 74,74% foron adoptadas (645). Na provincia de Lugo o 66,33% foron adoptadas (130 de 196). Ourense é a provincia que destaca xa que nela o 81,4% das ordes de protección e medidas cautelares foron adoptadas (140 de 172) e pola contra, en Pontevedra so o 47,2% das 553 ordes e medidas incoadas foron adoptadas.

PRESTACIÓNS

PERIÓDICAS A VÍTIMAS

VIOLENCIA DE XÉNERO

ARTIGO 39

**6.164**

**BENEFICIARIAS**

NO PERIODO

2006-2021

## 2. OBXECTIVOS.

A realización do presente informe dá cumprimento á disposición adicional cuarta apartado 2, da lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola lei 12/2016, de 22 de xullo de avaliar os resultados acadados por este programa de prestacións promovido pola Xunta de Galicia.

Neste informe recóllense os principais indicadores de evolución destas prestacións promovidas pola Secretaría Xeral da Igualdade desde o ano 2006, realizándose unha análise comparativa dos 16 anos de execución do programa.

O informe céntrase na información relativa á convocatoria do ano 2021, a última da que se teñen datos definitivos de peche de exercicio económico.

Para concluír este documento preséntase un resumo coas principais conclusións da análise realizada subliñando aqueles datos e información máis relevante para a comprensión da evolución das Prestacións e o seu emprego como unha ferramenta máis para o empoderamento das mulleres vítimas de violencia de xénero ou vítimas de trata con fins de explotación sexual.

## 3. ANTECEDENTES LEXISLATIVOS.

A conciencia social sobre a lacra que representa a violencia de xénero para a sociedade vai en aumento no noso país. Isto é debido fundamentalmente ao traballo levado a cabo polas administracións, as institucións e as persoas. Un proceso no que o Estado e as Comunidades Autónomas, no ámbito das súas competencias, desenvolveron lexislación específica ao respecto.

A **Organización de Nacións Unidas (ONU)** coa Declaración universal dos dereitos humanos no ano 1948, ou o Convenio sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller do ano 1979 iniciou un camiño imparable a prol da igualdade de xénero. Posteriormente chegaría no ano 1993 a Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller ou a Declaración de Beijing no 1995.

A **Unión Europea** tamén establece lexislación aplicable na materia. Destaca:

- *Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e a loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica 2011 (Convenio de Estambul)*
- *Convenio do Consello de Europa, do 3 de maio de 2005, para a acción contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia)*
- *Directiva 2012/29/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, pola que se establecen normas mínimas sobre os dereitos, o apoio e a protección das vítimas de delitos, e pola que se substitúen a Decisión marco 2001/220/JAI do Consello.*
- *Directiva 2011/99/UE, do 13 de decembro de 2011, reguladora da Orde de Protección Europea.*
- *Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/629/JAI do Consello.*
- *Regulamento (UE) n.º 606/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de xuño de 2013, relativo ao recoñecemento mutuo de medidas de protección en materia civil.*
- *Resolución do Consello do 20 de outubro de 2003 sobre iniciativas para loitar contra a trata de seres humanos, en particular das mulleres.*
- *Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa (2002) sobre a protección das mulleres contra a violencia (adoptada o 30 de abril de 2002).*

- *Directrices da UE sobre a violencia contra as mulleres e a loita contra toda forma de discriminación contra elas adoptadas polo Consello en decembro de 2008 (Doc. 16173/08 + COR 1)*
- *Ditame do Comité de Rexións, aprobado no 81 Pleno o 7 de outubro de 2009, sobre as actuacións prioritarias dos entes locais e rexionais para previr a violencia contra as mulleres e mellorar a atención ás vítimas.*

En **España**, no ano 2003, regulouse a orde de protección das vítimas da violencia doméstica. Foi a *Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*, a que marcará un fito histórico, ó establecer medidas concretas de protección contra a muller. Destacan tamén:

- *Real decreto 1452/2005, do 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica.*
- *Real Decreto 95/2009, do 6 de febreiro, polo que se regula o sistema de rexistros administrativos de apoio á Administración de Xustiza.*
- *Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.*

**Galicia** conta desde o ano 2007 coa súa propia Lei de violencia de xénero, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo*. Son tamén de aplicación:

1. *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*
2. *Orde do 2 de maio de 2006 pola que se regula o programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia.*

No ano 2021 procedeuse a modificación da Lei 11/2007 para recoller amplamente outros ámbitos:

- *Lei 14/2021: Recoñecer como vítimas de violencia de xénero a aquelas mulleres que sufrisen o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia cara a filla ou o fillo da muller ou calquera outra persoa intimamente relacionada con ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou que manteña unha relación afectiva similar con ela, mesmo sen convivencia, ampliando o concepto de violencia de xénero no apartado 1 da lei e recoñecendo explicitamente este tipo de violencia como unha forma de violencia de xénero, que se recolle como tal no apartado 1 da Lei.*
- *Lei 15/2021: Esta modificación responde á necesidade e urxencia de definir o concepto de ciberdelincuencia, especialmente contra as mulleres, debido ao recente aumento do control de vítimas a través das redes sociais, os dispositivos dixitais e, fundamentalmente, Internet. Ademais con dita reforma procédese non só a posibilidade de recoñecer e identificar as vítimas, da violencia de xénero dixital senón tamén proporcionarlles todos os recursos de atención necesarios.*

*Esta última modificación é un punto de partida no recoñecemento de novas formas de violencia dixital contra a muller que debemos tamén abordar implementando políticas e programas para previr o sexting, o ciberacoso, o grooming e outras formas de violencia cometidas a través de medios telemáticos e dixitais, comportamentos e fenómenos emerxentes na sociedade e cuxo recoñecemento é necesario para previr a violencia de xénero.*

E no referente en concreto á **prestación periódica** para mulleres que sofren violencia de xénero:

3. *Resolución de 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade , pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*
4. *Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución de 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.*
5. *Resolución do 17 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo*

#### **4. RESUMO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS PERIÓDICAS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA XUNTA DE GALICIA.**

A lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ten como obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así coma a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

Considera a **violencia de xénero** como calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicológico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Segundo establece o artigo 39, será a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, a que establecerá unha **prestación económica periódica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero**. A devandita prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa **autonomía e independencia económica** respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación para os casos das mulleres vítimas de trata con fin de explotación sexual.

Estas prestacións ademais intentan **contribuír a romper coa situación de violencia** e que lles posibilita dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

Unha vez concedida a prestación, aboarase periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero por calquera das formas previstas na lei, sendo o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases da convocatoria e as contías das prestacións, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

Os **requisitos necesarios** para poder ser beneficiaria desta axuda son:

- ✧ Ser **muller, maior de idade ou emancipada**
- ✧ **Acreditar unha situación de violencia de xénero** nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de **dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación**, mediante algún dos seguintes documentos, emitidos no intervalo temporal que comprende os **doce meses inmediatamente anteriores**

á data de presentación da solicitude. Este intervalo temporal non será de aplicación no caso da violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa” :

- Orde de protección ou medida cautelar vixentes.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia e /ou de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos ditos indicios.
- Informe das Forzas e Corpos de Seguridade que indique a existencia de indicios claros de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.
- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación respectivamente.

Para os efectos desta axuda tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padeceran violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”, con resultado de morte.

- ✧ Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude. Este intervalo temporal non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia “por interpósita persoa”.
- ✧ Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce (12) meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.
- ✧ No caso de acreditar a situación de violencia de xénero cunha orde de protección ou medida cautelar, esta deberá estar vixente na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda.
- ✧ Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, cando así se esixa pola lexislación vixente, ter permiso de residencia.
- ✧ No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, é suficiente acreditar que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.
- ✧ Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou que a súa contía sexa insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- ✧ Non ter percibido con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

A **contía económica** é destinada directamente á beneficiaria e terá carácter periódico, ata o **máximo de doce mensualidades**, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu.

A **contía que pode acadar a axuda establécese en función** das rendas e ingresos da solicitante da axuda en relación **co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente**, de acordo coas seguintes especificacións:

| <i><b>Ingresos</b></i>                                                                                                                                                                                                                                    | <i><b>Contía mensual</b></i> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|
| <i>Ingresos <math>\leq</math> IPREM vixente. Carácter xeral.</i>                                                                                                                                                                                          | 600 €                        |
| <i>Ingresos <math>\leq</math> IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade das vítimas <math>\geq 33\%</math></i>                                                                                                           | 650 €                        |
| <i>Ingresos <math>\leq</math> IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 33\%</math></i>                                                                                       | 700 €                        |
| <i>Ingresos <math>\leq</math> IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</i>                                                                                                                                                  | 700 €                        |
| <i>Ingresos <math>\leq</math> IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 33\%</math></i>                                                                         | 800 €                        |
| <i>Ingresos <math>\leq</math> IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 65\%</math> ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</i> | 800 €                        |
| <i>Ingresos <math>&gt;</math> IPREM e <math>\leq 1,5</math> veces IPREM. Carácter xeral.</i>                                                                                                                                                              | 300 €                        |
| <i>Ingresos <math>&gt;</math> IPREM e <math>\leq 1,5</math> veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas <math>\geq 33\%</math></i>                                                                        | 350 €                        |
| <i>Ingresos <math>&gt;</math> IPREM e <math>\leq 1,5</math> veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 33\%</math></i>                                                   | 400 €                        |

| <i>Ingresos</i>                                                                                                                                                                                                                                                                        | <i>Contía mensual</i> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| <i>Ingresos &gt; IPREM e <math>\leq 1,5</math> veces IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</i>                                                                                                                                                        | 400 €                 |
| <i>Ingresos &gt; IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 33\%</math></i>                                                                                                                   | 500 €                 |
| <i>Ingresos &gt; IPREM e <math>\leq 1,5</math> veces IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 65\%</math> ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</i>       | 500 €                 |
| <i>Ingresos &gt; 1,5 veces IPREM e <math>\leq</math> dobre IPREM . Carácter xeral.</i>                                                                                                                                                                                                 | 200 €                 |
| <i>Ingresos &gt; 1,5 veces IPREM e <math>\leq</math> dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo// ou discapacidade da vítimas <math>\geq 33\%</math></i>                                                                                                            | 250 €                 |
| <i>Ingresos &gt; 1,5 veces IPREM e <math>\leq</math> dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 33\%</math></i>                                                                                       | 300 €                 |
| <i>Ingresos &gt; 1,5 veces IPREM e <math>\leq</math> dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo.</i>                                                                                                                                                  | 300 €                 |
| <i>Ingresos &gt; 1,5 veces IPREM e <math>\leq</math> dobre IPREM e dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 33\%</math></i>                                                                         | 400 €                 |
| <i>Ingresos &gt; 1,5 veces IPREM e <math>\leq</math> dobre IPREM e unha filla/o menor ou menor en acollida a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade <math>\geq 65\%</math> ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro.</i> | 400€                  |

## 5. ESTUDO DE SEGUIMENTO DA PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO PREVISTA NO ARTIGO 39 DA LEI GALEGA 11/2007.

### 5.1. Análise da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da lei galega 11/2007 no período (2006-2021).

Desde a primeira convocatoria destas prestacións, no ano 2006 ata o pasado ano 2021 o **apoio económico** ás mulleres que sofren violencia de xénero a través desta liña de **prestacións superou os 49 millóns de €.**

# 49.628.548,81 €

ORZAMENTO TOTAL PERÍODO 2006-2021.

# 15 ANUALIDADES CONTINUADAS.

# 6.166

BENEFICIARIAS.

## Orzamento do programa:

Desde o primeiros anos de execución, esta liña de axudas está reforzada con ampliacións orzamentarias nos diferentes exercicios económicos. A continuación detállanse as anualidades e as ampliacións orzamentarias desde o ano 2006:


**Táboa 1. Orzamento desagregado por exercicio económico.**

| <b>Exercicio económico</b>               | <b>Anualidades incluídas</b> |                 | <b>Ampliacións orzamentarias</b> |                 | <b>Importe total</b>  |
|------------------------------------------|------------------------------|-----------------|----------------------------------|-----------------|-----------------------|
| <b>Exercicio 2006</b>                    | Anualidade 2006              | Anualidade 2007 | Ampliación 2006                  | Ampliación 2007 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2006-2007</i> | 1.100.000 €                  | 550.000 €       | 105.300 €                        | 0 €             | <b>1.755.300,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2007</b>                    | Anualidade 2007              | Anualidade 2008 | Ampliacións 2007                 | Ampliación 2008 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2007-2008</i> | 263.400 €                    | 50.000 €        | 1.302.000 €                      | 615.000 €       | <b>2.230.400,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2008</b>                    | Anualidade 2008              | Anualidade 2009 | Ampliacións 2008                 | Ampliación 2009 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2008-2009</i> | 965.000 €                    | 1.141.000 €     | 294.589 €                        | 0 €             | <b>2.400.589,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2009</b>                    | Anualidade 2009              | Anualidade 2010 | Ampliacións 2009                 | Ampliación 2010 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2009-2010</i> | 628.500 €                    | 798.700 €       | 535.050 €                        | 0 €             | <b>1.962.250,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2010</b>                    | Anualidade 2010              | Anualidade 2011 | Ampliacións 2010                 | Ampliación 2011 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2010-2011</i> | 900.000 €                    | 630.000 €       | 841.127 €                        | 0 €             | <b>2.371.127,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2011</b>                    | Anualidade 2011              | Anualidade 2012 | Ampliacións 2011                 | Ampliación 2012 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2011-2012</i> | 970.000 €                    | 1.120.000 €     | 300.000 €                        | 0 €             | <b>2.390.000,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2012</b>                    | Anualidade 2012              | Anualidade 2013 | Ampliacións 2012                 | Ampliación 2013 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2012-2013</i> | 1.276.650 €                  | 1.120.000 €     | 218.886,66 €                     | 0 €             | <b>2.615.536,66 €</b> |
| <b>Exercicio 2013</b>                    | Anualidade 2013              | Anualidade 2014 | Ampliacións 2013                 | Ampliación 2014 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2013-2014</i> | 688.850 €                    | 1.120.000 €     | 312.660,65 €                     | 0 €             | <b>2.121.510,65 €</b> |
| <b>Exercicio 2014</b>                    | Anualidade 2014              | Anualidade 2015 | Ampliacións 2014                 | Ampliación 2015 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2014-2015</i> | 750.150 €                    | 1.155.000 €     | 345.150 €                        | 0 €             | <b>2.250.300,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2015</b>                    | Anualidade 2015              | Anualidade 2016 | Ampliacións 2015                 | Ampliación 2016 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2015-2016</i> | 578.380,49 €                 | 1.176.000 €     | 664.006,87 €                     | 0 €             | <b>2.418.387,36 €</b> |
| <b>Exercicio 2016</b>                    | Anualidade 2016              | Anualidade 2017 | Ampliacións 2016                 | Ampliación 2017 | Importe total         |

| <b>Exercicio económico</b>               | <b>Anualidades incluídas</b> |                 | <b>Ampliacións orzamentarias</b> |                 | <b>Importe total</b>  |
|------------------------------------------|------------------------------|-----------------|----------------------------------|-----------------|-----------------------|
| <i>Convocatoria plurianual 2016-2017</i> | 728.382 €                    | 1.303.562 €     | 391.237 €                        | 0 €             | <b>2.423.181,40 €</b> |
| <b>Exercicio 2017</b>                    | Anualidade 2017              | Anualidade 2018 | Ampliacións 2017                 | Ampliación 2018 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2017-2018</i> | 1.942.950 €                  | 2.100.000 €     | 0 €                              | 0 €             | <b>4.042.950,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2018</b>                    | Anualidade 2018              | Anualidade 2019 | Ampliacións 2018                 | Ampliación 2019 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2018-2019</i> | 1.600.000 €                  | 2.100.000 €     | 958.927,30 €                     | 0 €             | <b>4.658.937,30 €</b> |
| <b>Exercicio 2019</b>                    | Anualidade 2019              | Anualidade 2020 | Ampliacións 2019                 | Ampliación 2020 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2019-2020</i> | 2.350.000 €                  | 2.800.000 €     | 144.965,89 €                     | 0 €             | <b>5.294.965,89 €</b> |
| <b>Exercicio 2020</b>                    | Anualidade 2020              | Anualidade 2021 | Ampliacións 2020                 | Ampliación 2021 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2020-2021</i> | 2.521.000 €                  | 2.800.000 €     | 126.465 €                        | 0 €             | <b>5.447.465,00 €</b> |
| <b>Exercicio 2021</b>                    | Anualidade 2021              | Anualidade 2022 | Ampliacións 2021                 | Ampliación 2022 | Importe total         |
| <i>Convocatoria plurianual 2021-2022</i> | 2.250.000 €                  | 2.800.000 €     | 195.648,55 €                     | 0 €             | <b>5.245.648,55 €</b> |

O orzamento destinado a estas prestacións segue unha liña ascendente a excepción dos anos 2009 e 2013 nos que se reduce o orzamento total destinado a estas prestacións. É destacado o **incremento do 40% do orzamento no ano 2017** con respecto do ano anterior 2016 situándose en **máis de 4 millóns de euros**.

**Gráfico 1. Evolución do orzamento no período (2006-2021).**




# 5.245.648,55 €

## O ORZAMENTO ANO 2021.

**O ORZAMENTO DO ÚLTIMO ANO  
AUMENTOU CASE 3,5 MILLÓNS DESDE  
O DO PRIMEIRO ANO (2006).**

## Evolución do número de solicitudes:


Gráfico 2. Evolución do número de solicitudes no período (2006-2021).



O **número de solicitudes** recibidas desde o 2006 ascende a 8.970. Nos últimos 4 anos as solicitudes destas prestacións medran de xeito exponencial.

**8.970** SOLICITUDES RECIBIDAS  
DESDE O ANO **2006.**

**Gráfico 3. Evolución do número de solicitudes por Provincia no período (2006-2021).**




**3 de cada 4 solicitudes pertenecen ás provincias de Coruña e Pontevedra.** O número de solicitudes nas provincias de Coruña e Lugo sempre foi ascendente desde o ano 2016, ata o 2021, no que se observa un leve descenso; pola contra, en Ourense descendieron o número de solicitudes nos últimos tres anos e na provincia de Pontevedra descendeu o número de solicitudes no ano 2021.

**MÁIS DO 40% DO TOTAL DE  
SOLICITUDES PROCEDEN DA PROVINCIA DA  
CORUÑA.**

## Evolución do número de concesións:

En relación ao número de concesións, a súa evolución foi progresiva destacando o ano 2010 con máis do 88% das solicitudes concedidas, volvéndose a superar o 80% de concesión no ano 2016. Desde o ano 2014 as concesións superan sempre o 70% das solicitudes presentadas

**Gráfico 4. Evolución da porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes período (2006-2021).**




**NOS ÚLTIMOS 7 ANOS, SUPERÁRONSE O 77%  
DAS CONCESIÓN SÓBRE O NÚMERO DE  
SOLICITUDES RECIBIDAS.**


NO 2021 O NÚMERO DE CONCESIÓNS É O DE  
MAIOR PORCENTAXE DE CONCESIÓNS NOS  
ÚLTIMOS 4.

ANOS, SUPERANDO O **80%** DAS  
SOLICITUDES PRESENTADAS.

Gráfico 5. Evolución do número de solicitudes e concesións no período (2006-2021).



**Gráfico 6. Porcentaxe de solicitudes e concesións por Provincia no período (2006-2021) con respecto ao número total de prestacións.**



A provincia da **Coruña recolle o maior número de solicitudes e Lugo o mellor ratio de concesións de prestacións** con respecto ao resto de provincias. A provincia de **Ourense é a que ten un peor ratio de concesións** con respecto ao total de prestacións concedidas en Galicia.

**A CORUÑA E PONTEVEDRA SUMAN MÁIS DO  
76% DAS PRESTACIÓNS CONCEDIDAS.**

**Táboa 2 . Evolución do número de concesións por Provincia no período (2006-2021).**

| Provincia    | A Coruña      | Lugo       | Ourense    | Pontevedra  | Total        |
|--------------|---------------|------------|------------|-------------|--------------|
| <i>Ano</i>   |               |            |            |             |              |
| 2006         | 140           | 24         | 29         | 82          | <b>275</b>   |
| 2007         | 127           | 36         | 37         | 120         | <b>320</b>   |
| 2008         | 113           | 31         | 31         | 84          | <b>259</b>   |
| 2009         | 77            | 42         | 31         | 67          | <b>217</b>   |
| 2010         | 151           | 45         | 57         | 116         | <b>369</b>   |
| 2011         | 80            | 30         | 34         | 107         | <b>251</b>   |
| 2012         | 145           | 47         | 45         | 125         | <b>362</b>   |
| 2013         | 105           | 43         | 34         | 104         | <b>286</b>   |
| 2014         | 122           | 36         | 50         | 128         | <b>336</b>   |
| 2015         | 133           | 24         | 48         | 134         | <b>339</b>   |
| 2016         | 140           | 28         | 31         | 125         | <b>324</b>   |
| 2017         | 169           | 35         | 52         | 161         | <b>417</b>   |
| 2018         | 246           | 53         | 78         | 206         | <b>583</b>   |
| 2019         | 244           | 56         | 70         | 207         | <b>577</b>   |
| 2020         | 300           | 59         | 86         | 194         | <b>639</b>   |
| 2021         | 256           | 68         | 70         | 218         | <b>612</b>   |
| <i>Total</i> | <b>2.2548</b> | <b>657</b> | <b>783</b> | <b>2178</b> | <b>6.166</b> |

A provincia da Coruña é a que presenta o maior número de solicitudes e de **concesións** con respecto á suma do total galego, a media de concesións con respecto á de solicitudes é de máis dun 68% desde que se iniciou no ano 2006 a convocatoria de prestacións.

A provincia de Lugo representa o 10,6 % do total de prestacións concedidas en Galicia desde o ano 2006. En relación ao número de concesións con respecto ao de solicitudes, **máis do 70% das solicitudes presentadas en Lugo foron concedidas, é a provincia cun mellor ratio de concesións con respecto ás solicitudes presentadas.**

A provincia de Ourense representa de media ó 12.69% do total de concesións desde a primeira convocatoria das prestacións. En relación á porcentaxe de prestacións concedidas con respecto ás presentadas nesta provincia, **Ourense ten o menor ratio de concesión de prestacións, de cada 100 solicitudes presentadas 76.9 son concedidas.**

Na análise das concesións de prestacións da provincia de Pontevedra, o 35,32% do total concedido en Galicia se presentan nesta provincia. **A porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes presentadas na provincia de Pontevedra é do 83.5%.**

**o 88,3% DAS SOLICITUDES  
PRESENTADAS NA PROVINCIA DE LUGO  
SON CONCEDIDAS, O MELLOR RATIO DE  
TODAS AS PROVINCIAS.**

## **5.2. Análise dos resultados da convocatoria do ano 2021 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007.**

A través da Resolución de 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, aprobáronse as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG núm. 1 do 2 de xaneiro de 2019), que foron modificadas pola Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG núm. 36 do 20 de febreiro de 2019).

Na Resolución de 13 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, convócanse para o ano 2021 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (DOG núm. 1 do 2 de xaneiro de 2020). Na Resolución de 21 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral da Igualdade, amplíase a dotación orzamentaria (DOG nº 219 de 30 de outubro de 2020).

Segundo a finalidade destas prestacións, preséntanse a continuación os datos relativos á concesión da prestación no **ano 2021**:

**5.245.648,55 €**  
**ORZAMENTO ANO 2021.**

MÁIS DE **3,4** MILLÓNS DE ORZAMENTO  
RESPECTO AO ANO 2006.


**612** BENEFICIARIAS.

## Prestacións aprobadas (ano 2021):

No ano 2021 recibíronse **746 solicitudes** das que foron **concedidas o 82,04% (612 prestacións concedidas)**.


En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da **Coruña** é a que ten un maior número de solicitudes (317) seguida de **Pontevedra** (261). Do mesmo xeito son estas provincias as que teñen o maior numero de concesións **acadando a suma das dúas provincias máis do 77% das prestacións adxudicadas no ano 2021**.

**Gráfico 7. Número de solicitudes e concesións por Provincia no ano 2021.**



No que se refire á porcentaxe de concesións con respecto ao número de solicitudes é a provincia de **Lugo** e a que ten unha maior porcentaxe de resolucións favorables, cun **88,3%** de prestacións concedidas con respecto ás presentadas na provincia seguida da provincia da **Pontevedra** cun **83,52%** de concesións respecto ás solicitudes.

**Gráfico 8. Porcentaxe de concesións con respecto ás solicitudes de cada Provincia. Ano 2021.**



**MÁIS DO 80% DAS SOLICITUDES  
PRESENTADAS EN 2021 FORON CONCEDIDAS.**


Das 612 concesións do ano 2021, as presentadas na provincia da Coruña representan o 41,83%, seguidas das da provincia de Pontevedra que son un 35,62% do total de prestacións concedidas, en Ourense acadáronse o 11,44 % das concesións totais e na provincia de Lugo un 11,11% do total.

**Con respecto ao total galego, Lugo é a provincia na que a representatividade das concesións (11,11%), é maior que o número de solicitudes totais (10,32%).**


Pola contra, Ourense, é a provincia na que o número de solicitudes (12,2%) é maior que o número de concesións (11,44%).

Nas provincias da Coruña e Pontevedra a representatividade das concesións e das solicitudes é moi similar: na provincia da Coruña se presentan o 42,5% solicitudes e concédense o 41,83% do total de Galicia, e na provincia de Pontevedra presentáronse o 35% das solicitudes e acadan o 35,62% de concesións con respecto ao total da Comunidade Autónoma.

**Gráfico 9. Porcentaxe de concesións e solicitudes por Provincia con respecto ao total de prestacións (ano 2021).**



**Gráfico 10 . Prestacións concedidas por Provincia e exercicio económico<sup>1</sup>.**



Segundo se indicaba na Táboa 1, que fai referencia ao orzamento desagregado por exercicio económico, das prestacións económicas concedidas segundo a convocatoria do ano 2021, o 58,4% dos importes concedidos corresponden a partidas do exercicio económico 2021 e o 41,6% restante recóllese na partida económica do 2022.

### Solicitudes denegadas (ano 2021):


Das 746 solicitudes presentadas en 2021, 103 foron denegadas (13,8%). **O motivo principal da denegación foi o incumprimento dalgún dos requisitos das bases da convocatoria, fundamentalmente a superación dos ingresos previstos na norma.**

<sup>1</sup> Nestes importes inclúense os totais de cada proposta, non se teñen en conta as modificacións ou suspensións da axuda

No 22,33% das solicitudes, non se emenda o requirimento de documentación realizado pola administración.

Nun 17,48% dos casos as mulleres desisten expresamente da solicitude presentada, principalmente por motivos de rendas.


**Gráfico 11 . Solicitudes desfavorables por motivo de denegación (ano 2021).**



En termos provinciais, **na provincia de A Coruña o 13,6% das solicitudes non aprobadas foi por non emendar a documentación solicitada**, sendo a provincia que ten un maior número de solicitudes non emendadas en comparación coas outras provincias.

**A provincia da Coruña é a que ten o maior número de solicitudes desistidas expresamente polas solicitantes.** En relación ao total de solicitudes non aprobadas na provincia, estas desestimacións representan o 19,56% das solicitudes presentadas na Coruña.

**Gráfico 12 . Solicitudes desfavorables por motivo de denegación e provincia (ano 2021).**



A provincia de **A Coruña é a que ten un maior número de solicitudes denegadas debido a que non cumpren todos os requisitos da convocatoria** (o 37% das denegacións por esta causa en toda Galicia).

**O 30% das solicitudes denegadas por que non emendan requerimento de documentación pertencen a provincia de Pontevedra.**

Dúas das solicitudes denegadas **por desestimiento expreso da solicitude**, presentáronse unha na provincia de Ourense e outra na provincia de Lugo.

## Acreditación da situación de violencia de xénero (ano 2021):

Procedendo á **análise das axudas concedidas e á situación das persoas beneficiarias**, a determinación das mesmas establécese, segundo as bases da convocatoria, coa acreditación dunha situación de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.


Na convocatoria do ano 2021, **as acreditacións da situación de violencia de xénero das beneficiarias realizouse principalmente a través de medidas xudiciais.**

**Táboa 3. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria por provincia (ano 2021).**

|                                                                                      | A Coruña   | Lugo      | Ourense   | Pontevedra | Total      | %           |
|--------------------------------------------------------------------------------------|------------|-----------|-----------|------------|------------|-------------|
| <i>Orde de protección ou medida cautelar</i>                                         | 124        | 56        | 43        | 69         | 292        | 47,71%      |
| <i>Sentenza</i>                                                                      | 96         | 8         | 24        | 101        | 229        | 37,42%      |
| <i>Informe do Ministerio Fiscal</i>                                                  | 1          | 1         | 0         | 0          | 2          | 0,33%       |
| <i>Informe das FCS</i>                                                               | 0          | 0         | 1         | 1          | 2          | 0,33%       |
| <i>Informe de Servizos Sociais ou Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local</i> | 28         | 3         | 2         | 41         | 74         | 12,9%       |
| <i>Informe dos Servizos de Acolida da Adm. Pública autonómica ou local</i>           | 7          | 0         | 0         | 6          | 13         | 2,12%       |
| <b>Total</b>                                                                         | <b>256</b> | <b>68</b> | <b>70</b> | <b>218</b> | <b>612</b> | <b>100%</b> |

# MÁIS DO **85,13%** DAS BENEFICIARIAS ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON **MEDIDAS** **XUDICIAIS.**

**Gráfico 13. Tipo de acreditación da violencia de xénero presentada polas beneficiarias  
(ano 2021).**



## Lugar de residencia das beneficiarias da prestación (ano 2021):

En termos territoriais a maioría das beneficiarias residen en zonas non urbanas, sendo as mulleres residentes en zonas pouco poboadas ou intermedias o 55,1% das beneficiarias totais. Pola contra, destaca a provincia de Ourense onde o 57,14% das beneficiarias residen na cidade de Ourense<sup>2</sup>. Máis do 44,9% das beneficiarias totais residen nas 7 cidades galegas con máis poboación, consideradas como ZDP (Zonas Densamente Poboadas)<sup>3</sup>:

**Táboa 4. Beneficiarias residentes nas principais cidades galegas máis poboadas (ano 2021).**

| Cidade                 | Nº de beneficiarias |
|------------------------|---------------------|
| Coruña (A)             | 79                  |
| Ferrol                 | 29                  |
| Santiago de Compostela | 14                  |
| Lugo                   | 31                  |
| Ourense                | 40                  |
| Pontevedra             | 33                  |
| Vigo                   | 49                  |

Nas zonas menos poboadas, ZPP, residen entre el 15 e o 20% das beneficiarias a excepción da provincia de Lugo onde máis do 25% residen en zonas rurais pouco poboadas.

<sup>2</sup> Poden existir variacións respecto aos totais semestrais por provincia dado que hai beneficiarias que cambian de concello durante a tramitación/percepción.

<sup>3</sup> Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o novo grao de urbanización de Eurostat e do Nomenclátor do ano 2016).


**ZDP:** Zona Densamente Poboada: Conxunto contiguo de concellos de densidade superior a 500 hab./km<sup>2</sup> e unha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes.

**ZIP:** Zona Intermedia de Poboación: Conxunto de concellos que non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./km<sup>2</sup> e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente.

**ZPP:** Zona Pouco Poboada: Grupos de concellos que non pertencen a zonas densamente poboadas ou a zonas intermedias


Na provincias atlánticas, Coruña e Pontevedra, máis do 40% das beneficiarias residen en zonas intermedias de poboación (ZIP) mentres que nas provincias de Lugo e Ourense as beneficiarias en zonas intermedias de poboación representan o 29% e o 20% do total de beneficiarias de cada provincia.

**Gráfico 14. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2021).**



Fonte: IGE. Clasificación do grao de urbanización dos concellos (GU 2016).

**Gráfico 15. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización e Concello (ano 2021)<sup>4</sup>.**



<sup>4</sup> Nota explicativa: (Clasificación dos concellos segundo o subgrao de urbanización):

**ZIP alta** :aquelas áreas cunha densidade superior a 300 hab./Km<sup>2</sup> (e con polo menos unha AL de densidade superior a 500 hab./Km<sup>2</sup>) que formen un conxunto contiguo cunha poboación de 10.000 ou máis habitantes, o resto son ZIP baixa.

Dentro das áreas clasificadas como **ZPP**, aquelas áreas cunha densidade >80 hab./Km<sup>2</sup> (e con polo menos unha AL de densidade superior aos 100 hab./Km<sup>2</sup>) que formen un conxunto contiguo cunha poboación total para o conxunto de 2.000 habitantes ou máis clasificaranse como:

- **ZPP alta** se o conxunto ten 10.000 ou máis habitantes
- **ZPP intermedia** se o conxunto ten 5.000 habitantes ou máis e menos de 10.000 habitantes
- **ZPP baixa** se o conxunto ten 2.000 habitantes ou máis e menos de 5.000 habitantes

**Máis do o 15% das prestacións van destinadas a mulleres de zonas rurais pouco poboadas,** a provincia de Lugo é a que ten un maior número de beneficiarias que residen en zonas moi pouco poboadas (ZPP), a provincia de Pontevedra ten o número máis elevado de beneficiarias de toda Galicia en zonas intermedias de poboación (ZIP) e a provincia de A Coruña destaca polo número de beneficiarias en zonas densamente poboadas (ZDP).

### Nacionalidade das beneficiarias da prestación (ano 2021):

**As beneficiarias representan 29 nacionalidades diferentes á española.** Dos países latinoamericanos proceden o 17,97% do total das beneficiarias, un 71,43% do total de mulleres beneficiarias estranxeiras.

**Táboa 5 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2021.**

| <i>Nacionalidade</i> | <i>Nº<br/>beneficiarias</i> | <i>%</i> |
|----------------------|-----------------------------|----------|
| <i>Española</i>      | 458                         | 74,84 %  |
| <i>Estranxeira</i>   | 154                         | 25,16 %  |
| <b><i>Total</i></b>  | 612                         | 100,00 % |

**3 DE CADA 4 BENEFICIARIAS SON  
ESPAÑOLAS.**


**Táboa 6 . Nacionalidade das beneficiarias da prestación no ano 2021.**

| Nacionalidade               | N.º beneficiarias | %      |
|-----------------------------|-------------------|--------|
| <i>España</i>               | 458               | 74,84% |
| <i>Arxentina</i>            | 3                 | 0,49%  |
| <i>Bielorusia</i>           | 1                 | 0,16%  |
| <i>Bolivia</i>              | 3                 | 0,49%  |
| <i>Brasil</i>               | 20                | 3,27%  |
| <i>Bulgaria</i>             | 3                 | 0,49%  |
| <i>Chile</i>                | 1                 | 0,16%  |
| <i>Colombia</i>             | 26                | 4,25%  |
| <i>Cuba</i>                 | 2                 | 0,33%  |
| <i>Ecuador</i>              | 1                 | 0,16%  |
| <i>Guatemala</i>            | 1                 | 0,16%  |
| <i>Honduras</i>             | 1                 | 0,16%  |
| <i>Italia</i>               | 1                 | 0,16%  |
| <i>Lituania</i>             | 1                 | 0,16%  |
| <i>Marrocos</i>             | 18                | 2,94%  |
| <i>México</i>               | 2                 | 0,33%  |
| <i>Nicaragua</i>            | 3                 | 0,49%  |
| <i>O Salvador</i>           | 2                 | 0,33%  |
| <i>Paraguai</i>             | 5                 | 0,82%  |
| <i>Perú</i>                 | 13                | 2,12%  |
| <i>Polonia</i>              | 1                 | 0,16%  |
| <i>Portugal</i>             | 6                 | 0,98%  |
| <i>Reino Unido</i>          | 1                 | 0,16%  |
| <i>República Dominicana</i> | 9                 | 1,47%  |
| <i>Romanía</i>              | 9                 | 1,47%  |
| <i>Rusia</i>                | 1                 | 0,16%  |
| <i>Suiza</i>                | 1                 | 0,16%  |
| <i>Ucrania</i>              | 1                 | 0,16%  |
| <i>Uruguai</i>              | 4                 | 0,65%  |
| <i>Venezuela</i>            | 14                | 2,29%  |

## Idade das beneficiarias da prestación (ano 2021):

O 72% das beneficiarias teñen menos de 46 anos, **3 de cada 10 mulleres beneficiarias teñen unha idade entre os 36-45 anos**. Máis do 27% das mulleres beneficiarias teñen máis de 45 anos:

Gráfico 16. Beneficiarias da prestación por tramo de idade (ano 2021).



**72,38%** DAS BENEFICIARIAS  
TEÑEN MENOS DE 46 ANOS.

### Situación familiar das beneficiarias da prestación (ano 2021):

Máis da metade das beneficiarias teñen fillos/as, é dicir, 315 beneficiarias teñen polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo.

Táboa 7 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo ( ano 2021).


| <i>Nº fillas/os</i> | <i>N.º beneficiarias</i> | <i>Total fillas/os</i> |
|---------------------|--------------------------|------------------------|
| 0 fillas/os         | 297                      | 0                      |
| 1 filla/o           | 182                      | 182                    |
| 2 fillas/os         | 98                       | 196                    |
| 3 fillas/os         | 31                       | 93                     |
| 4 fillas/os         | 4                        | 16                     |
| <b>TOTAL</b>        | <b>612</b>               | <b>487</b>             |

MÁIS DO **51%** DAS BENEFICIARIAS TEÑEN  
FILLAS/OS MENORES AO SEU CARGO.

Segundo o número de fillas/os das beneficiarias, **o 21,73% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo.**

Dos 487 menores ao cargo das beneficiarias, o 49,5% son nenas (241) e, polo tanto, o 50,5% son nenos (246).


**Gráfico 17. Porcentaxe de beneficiarias por número de fillas/os menores a seu cargo  
(ano 2021).**



**50,5% DOS MENORES AO CARGO  
DAS BENEFICIARIAS SON RAPACES.**


En relación á distribución xeográfica, nas provincias da Coruña e Pontevedra residen un 38% e un 37% dos fillos/as, respectivamente. Na provincia de Ourense residen o 13% dos fillos/as mentres que na provincia de Lugo só residen o 12%.

**Gráfico 18. Porcentaxe de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia**



(2021).

**Gráfico 19. Número de fillas/os menores ao cargo das Beneficiarias por provincia (ano 2021).**




Estas prestacións tamén recollen a **situación de especial vulnerabilidade** nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

## Beneficiarias da prestación con discapacidade (ano 2021):

No ano 2021, do total de beneficiarias destas prestacións, **51 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade**. En relación á provincia onde residen, máis dun 37,2% destas mulleres residen na provincia da Coruña, un 39,2% na provincia de Pontevedra, en Lugo residen o 11,8% das beneficiarias con discapacidade e un 11,8% na provincia de Ourense.


**8,3%** DO TOTAL DE BENEFICIARIAS  
TEÑEN ACREDITADA UNHA  
DISCAPACIDADE.

**Gráfico 20. Porcentaxe de Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2021).**



**17 das fillas/os menores a cargo das Beneficiarias teñen acreditada unha discapacidade ou dependencia**, o que representa un 3,49% do total de fillos/as a cargo das beneficiarias.

**Gráfico 21. Porcentaxe de fillas/os menores a cargo das Beneficiarias cunha discapacidade acreditada por provincia (ano 2021).**



### Situación laboral e económica das beneficiarias (ano 2021):

A situación laboral das beneficiarias tamén está recollida nos criterios de adxudicación das prestacións obxecto deste informe.

**MÁIS DO 78% DAS BENEFICIARIAS  
SON DESEMPREGADAS.**


Se concretamos a situación laboral das beneficiarias no ámbito xeográfico no que residen, atopamos que **máis do 33,1% das mulleres beneficiarias sen emprego residen na provincia da Coruña** seguida de Pontevedra, onde residen un 27,45% das beneficiarias desempregadas. Nas provincias de Lugo e Ourense residen o 8,01% e o 9,97% de beneficiarias desempregadas, respectivamente.

**Táboa 8 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen  
( ano 2021).**

| Provincia  | Desempregadas | Empregadas | Total |
|------------|---------------|------------|-------|
| A Coruña   | 203           | 53         | 256   |
| Lugo       | 49            | 19         | 68    |
| Ourense    | 61            | 9          | 70    |
| Pontevedra | 168           | 50         | 218   |
| Total      | 481           | 131        | 612   |

**Das 131 mulleres beneficiarias das prestacións que están empregadas**, o 70,62% residen nas provincias da Coruña e Pontevedra.


**Gráfico 22. Porcentaxe mulleres empregadas e desempregadas por Provincia  
(ano 2021).**



En relación ao **nivel de ingresos das mulleres beneficiarias**, este caracterízase por ser **inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) no 82,84% dos casos**. O valor do IPREM no ano 2021 foi de 537,80 €/mes e 7.519,59 €/ano en 14 pagas.

En termos provinciais **as beneficiarias de Ourense son as que teñen uns ingresos menores**, dado que o 91,43% das beneficiarias teñen ingresos inferiores ao IPREM. Nas provincias de Lugo e Ourense, só un 2% das beneficiarias teñen un ingreso superior en 1,5 veces ao IPREM e menor ou igual ao dobre do IPREM, mentres que nas outras provincias, entre un 6-7% das beneficiarias se atopan neste tramo de ingresos.


**Gráfico 23. Número de beneficiarias segundo o nivel de Ingresos e Provincia ( ano 2021).**



### **Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación (ano 2021):**

Do total de beneficiarias **o 99,67 % son vítimas de violencia de xénero** (610 mulleres) e un 0,33% son vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, concretamente, 2 mulleres.


**Gráfico 24. Tipoloxía das vítimas beneficiarias da prestación ( ano 2021).**



**Tres de cada catro mulleres que acreditaron ser vítimas de violencia de xénero son españolas** e unha de cada catro son estranxeiras.

Segundo a idade, máis do 72% das vítimas de violencia de xénero son menores de 46 anos.

**Gráfico 25. Beneficiarias vítimas de violencia de xénero por tramo de idade (ano 2021).**



As 2 mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2021 beneficiarias destas prestacións **son estranxeiras**, unha delas ten nacionalidade colombiana e outra paraguaia.

## AS 2 BENEFICIARIAS VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL SON ESTRANXEIRAS.

En relación ao lugar de residencia, as dúas residen na provincia de Ourense.

**Todos as mulleres acreditaron a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o informe dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.**

A idade das vítimas de trata con fins de explotación sexual é menor de 26 anos, Unha das vítimas tiña menos de 20 anos e a outra entre 21 e 25 anos.

Todas as vítimas de explotación sexual atopábanse en situación de desemprego.

**100%** DAS VÍTIMAS DE TRATA CON  
FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL TIÑAN **MENOS  
DE 26 ANOS.**


### 5.3. Comparativa dos resultados da convocatoria do ano 2020 e 2021 da prestación para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei galega 11/2007.

No ano 2021 recibíronse **un 7,33% menos de solicitudes**, pasando de 805 solicitudes en 2020 ás 746 solicitudes de 2021.

En relación á distribución xeográfica das prestacións, a provincia da **Coruña é a que rexistra un maior número de solicitudes** os dous anos últimos anos, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo.

O incremento do número de concesións, produciuse en dúas provincias, sendo a provincia de **Pontevedra na que ascendeu o número de solicitudes e polo tanto de concesións**. En relación ao número de solicitudes, recibíronse 248 solicitudes no ano 2020 e 13 máis no ano 2021, 261 solicitudes. Nesta provincia pasouse de 194 beneficiarias en 2020 a 218 no ano 2021.

**Gráfico 26. Número de solicitudes e concesións por Provincia comparativa ano 2020-2021.**



A provincia da **Coruña diminuíu o seu ratio de concesión de axudas con respecto ao total de concesións en Galicia**, pasando dun 46,95% das concesións totais en 2020 ao 41,83% no 2021, do mesmo xeito, a provincia de **Ourense diminuíu en 2,03 puntos a súa representatividade no número de concesións totais** baixando dun 13,46% no ano 2020 a un 11,43% no ano 2021. Tanto en Lugo como Pontevedra aumentáronse o número de concesións con respecto ao total de Galicia, sendo unha subida de 1,88 puntos no caso de Lugo e no caso de Pontevedra de máis de 5,3 puntos porcentuais con respecto ás cifras de 2020.

En relación á acreditación da situación de violencia de xénero, tanto na convocatoria de 2020 como de 2021, máis do 80% das acreditacións realizáronse a través de sentenzas xunto coas ordes de protección ou medidas cautelares, **incrementándose en 10.9 puntos a porcentaxe de sentenzas no ano 2021 con respecto ao 2020**.

No caso das vítimas de trata con fins de explotación sexual, reduciuse substancialmente o número de casos, pasándose de 5 no ano 2020 a 2 casos no ano 2021. **Todas as acreditacións do 2021 baséanse en informes das forzas e corpos de seguridade do Estado**.

**Táboa 9. Medios de acreditación da situación de violencia de xénero da beneficiaria, comparativa ano 2020-2021.**


|                                                                                     | Total 2021 | Total 2020 |
|-------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|
| <i>Orde de protección ou medida cautelar</i>                                        | 292        | 356        |
| <i>Sentenza</i>                                                                     | 229        | 173        |
| <i>Informe do Ministerio Fiscal</i>                                                 | 2          | 2          |
| <i>Informe das FCS</i>                                                              | 2          | 5          |
| <i>Informe de Servizos Sociais o Sanitarios da Adm. Pública autonómica ou local</i> | 74         | 97         |
| <i>Informe dos Servizos de Acollida da Adm. Pública autonómica ou local</i>         | 13         | 6          |
| <b>Total</b>                                                                        | <b>612</b> | <b>639</b> |

En termos territoriais, **diminuíuse a porcentaxe de vítimas de violencia de xénero beneficiarias destas prestacións que residen en zonas rurais**, pasando do 59% no ano 2020 a un 55,55% no ano 2021.

En conxunto, as zonas menos poboadas clasificadas como zonas intermedias de poboación ou zonas pouco poboadas representan á maioría dos lugares de residencia das beneficiarias. **Este ano descendeu o número de beneficiarias en zonas intermedias de poboación (ZIP)**, pasando de 248 beneficiarias no ano 2020 en ZIP a 142 beneficiarias en ZIP no ano 2021.

Nas zonas densamente poboadas ZDP (as 7 principais cidades de Galicia) residen 9 beneficiarias máis no 2021 con respecto aos datos de ano anterior pasándose de 263 beneficiarias en ZDP en 2020 a 272 beneficiarias en ZDP en 2021.

**Gráfico 27. Beneficiarias da prestación por Grao de Urbanización comparativa dos anos 2020- 2021.**



A información relativa á nacionalidade das beneficiarias confirma que se mantén desde o ano 2018 a mesma representatividade, **tres de cada catro beneficiarias teñen nacionalidade española. No último ano descendeu a porcentaxe de beneficiarias de países latinoamericanos nun 0,34% con respecto ao ano 2020**, representando o 17,97% das beneficiarias no ano 2021. Por nacionalidade, duplicouse o número de beneficiarias de nacionalidade paraguaia, con 5 beneficiarias en 2021 e incrementaron a súa presenza as mulleres procedentes de Colombia, sendo 26 beneficiarias en 2021, 6 máis que no ano 2020 e 4 mulleres máis de nacionalidade marroquí, con respecto ás cifras de 2020. Pola contra, as mulleres venezolanas baixaron substancialmente a súa representatividade en 11 mulleres fronte aos datos do ano anterior.

Facendo referencia á distribución por idade, **diminuíuse o número e a representatividade das mulleres menores de 46 anos, pasando dun 73% do total das beneficiarias no ano 2020 ao 72,39% no ano 2021**. O grupo de idade que era máis numeroso no ano 2020 eran as mulleres entre os 36 e os 45 anos, coincidente cos datos de 2021. Pola contra, as mulleres menores de 21 anos representaban o 6,10% das beneficiarias en 2020 e no 2021 diminúe a súa presenza ata o 5,07% do total de beneficiarias. Do mesmo xeito, as beneficiarias entre os 26 e os 35 anos tamén son menos numerosas no ano 2021 (26,31%) fronte ao 2020 (26,9%).

## DO ANO 2020 AO 2021

ASCENDEU NUN **6,1%** A  
PORCENTAXE DE BENEFICIARIAS MENORES  
DE 21 ANOS.

En relación á súa situación familiar, no ano 2021 o 51% das beneficiarias (315 mulleres) tiñan polo menos unha filla ou fillo menor ao seu cargo mentres que no ano 2020 esa cifra representaba o 51% das beneficiarias en termos porcentuais (327 mulleres).

**Táboa 10 . Beneficiarias segundo o número de fillas/os menores ao seu cargo, comparativa ano 2021-2020.**

|                    | <i>2021</i>              |                        | <i>2020</i>              |                        |
|--------------------|--------------------------|------------------------|--------------------------|------------------------|
|                    | <b>N.º beneficiarias</b> | <b>Total fillas/os</b> | <b>N.º beneficiarias</b> | <b>Total fillas/os</b> |
| <i>0 fillas/os</i> | 297                      | 0                      | 312                      | 0                      |
| <i>1 filla/o</i>   | 182                      | 182                    | 198                      | 198                    |
| <i>2 fillas/os</i> | 98                       | 196                    | 104                      | 208                    |
| <i>3 fillas/os</i> | 31                       | 93                     | 20                       | 60                     |
| <i>4 fillas/os</i> | 4                        | 16                     | 4                        | 16                     |
| <i>5 fillas/os</i> | 0                        | 0                      | 1                        | 5                      |
| <b>TOTAL</b>       | <b>612</b>               | <b>487</b>             | <b>639</b>               | <b>487</b>             |

Segundo o número de fillos das beneficiarias, considérase relevante que, no ano 2021 un 21,7% das beneficiarias teñen dous ou máis fillas/os menores ao seu cargo dato moi similar ao do ano anterior no que serían un 20 % as beneficiarias que teñen dous ou máis fillas/os. Do total de menores a cargo das beneficiarias, no ano 2021 o 50,5% son nenos e o 49,5% son nenas, cifras similares ás presentadas en 2020 con 50,5 % de nenos e un 49,5% de nenas.

Tendo en conta a distribución xeográfica, **no ano 2020 máis do 49% das rapazas e rapaces menores residen na provincia da Coruña, no 2021 ese dato da provincia da Coruña superaba o 37% do total de nenos/nas**. Pola contra, o 29 % dos nenos/as residían na de provincia de Pontevedra no ano 2020 mentres que no ano 2021 ese dato era próximo ao 36% do total de menores.

Estas prestacións tamén recollen a situación de especial vulnerabilidade nos casos dunha discapacidade das beneficiarias ou dos fillos/as menores ao seu cargo.

**No ano 2021, 51 mulleres tiñan acreditada unha discapacidade** ( o 8,33% do total das beneficiarias) **mentres que no ano anterior eran 54** as mulleres beneficiarias cunha discapacidade ( o 8,45% do total das beneficiarias).

Por provincia de residencia, en Pontevedra mantívose a cifra de 20 mulleres que teñen acreditada unha discapacidade nos anos 2020 e 2021 e foi nas outras provincias onde se incrementou o número de beneficiarias cunha discapacidade, destacando a provincia de Ourense onde descendeu a representatividade de beneficiarias cunha discapacidade, pasando de 8 mulleres no ano 2020 (o 1,25% do total de beneficiarias dese ano) a 6 mulleres no ano 2021 (un 0,98% do total de beneficiarias do 2021).

Se retomamos a análise das **fillas/os menores a cargo** das Beneficiarias, **pasouse de 11 menores que teñen acreditada unha discapacidade no ano 2020 a 17 menores no ano 2021**. E mentres que no ano 2021 máis da metade dos fillos/as a cargo das beneficiarias que teñen acreditada unha discapacidade residían na provincia de Pontevedra, no ano anterior, o 55% dos fillos/as cunha discapacidade residen na provincia da Coruña.

No que respecta á **situación laboral das beneficiarias**, recollida nos criterios de adxudicación das prestacións obxecto deste informe, caracterízase por unha elevada porcentaxe de beneficiarias desempregadas. **Do ano 2020 ao ano 2021 a situación é moi similar, representando o total de beneficiarias cun traballo o 18% do total no ano 2020 e un 21,4% do total no ano 2021.**

**Táboa 11 . Beneficiarias segundo a súa situación laboral e provincia na que residen comparativa ano 2021-2020.**

| Provincia  | 2021                 |                   | 2020                 |                   |
|------------|----------------------|-------------------|----------------------|-------------------|
|            | <i>Desempregadas</i> | <i>Empregadas</i> | <i>Desempregadas</i> | <i>Empregadas</i> |
| A Coruña   | 203                  | 53                | 246                  | 54                |
| Lugo       | 49                   | 19                | 46                   | 13                |
| Ourense    | 61                   | 9                 | 75                   | 11                |
| Pontevedra | 168                  | 50                | 157                  | 37                |
| Total      | 481                  | 131               | 524                  | 115               |

**As beneficiarias cun posto de traballo residen principalmente na provincia da Coruña**, manténdose unha representatividade de máis do 8% do total de beneficiarias nos dous anos obxecto de análise. Tanto na provincia de Lugo como de Pontevedra incrementouse do ano 2020 ao 2021 o número de beneficiarias traballando, nun 0,8% e nun 2,38% respectivamente. Na provincia de Ourense reduciuse a porcentaxe de mulleres cun traballo dun 1,72% do total de beneficiarias no ano 2020 a un 1,47% no ano 2021.

Respecto á tipoloxía de beneficiarias da convocatoria, **reducíronse os casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual**, dos 5 casos en 2020 aos 2 acreditados no ano 2021. Do mesmo xeito, estas vítimas pasan de representar o 0,8% das beneficiarias das presentacións no 2020 ao 0,33% do total de beneficiarias no ano 2021.

A provincia de Ourense pasou dunha vítima de trata con fins de explotación sexual no ano 2020 a dúas vítimas pola mesma causa no ano 2021. As outras provincias non teñen vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2021. **Estas vítimas seguen sendo todas elas estranxeiras**, no ano 2020 as vítimas eran de 3 países diferentes, todos os países latinoamericanos, no ano 2021 estas vítimas, son latinoamericanas procedentes de Colombia e Paraguai.

## **REDUCÍRONSE NUN 60% OS CASOS DE VÍTIMAS DE TRATA CON FINS DE EXPLOTACIÓN PASANDO DE 5 EN 2020 A 2 BENEFICIARIAS EN 2021.**

No ano 2021 rexistrouse unha beneficiaria vítima de trata con fins de explotación sexual menor de 20 anos, atopándose a outra vítima entre os 21 e os 25 anos. No ano anterior, o número de vítimas era maioritariamente mulleres entre os 26 e os 45 anos de idade.

No ano 2021 ningunha das beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual ten fillas/os, contrastando cos datos do ano anterior no que falamos dunha única muller cun fillo/a ao cargo.

**Todas as beneficiarias vítimas de trata con fins de explotación sexual no ano 2021 acreditan a súa condición de vítimas de violencia de xénero mediante o informe dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado**, ao igual cos datos rexistrados no ano anterior.

Nos dous anos obxecto de estudo as vítimas eran desempregadas.

## 6. CONCLUSIONES:

O Programa de **Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero** apoia e favorece desde o ano 2006 a independencia económica das vítimas e impulsa o seu empoderamento. Os principais datos deste programa recóllense a continuación:

### Datos Globais:

- **Financiamento:** nos 16 anos de execución concedéronse prestacións por unha suma total superior aos 49 millóns de euros.

**49.628.548,81 €**  
**ORZAMENTO NO PERIODO 2006-2021.**

- **Incremento orzamentario:** desde o ano 2017 no que se case se duplicou o orzamento, pasando de 2,4 millóns de euros no ano 2016 a 4 millóns de euros no 2017, todos os anos se superaron os 4 millóns de euros de orzamento superándose nos últimos dous anos, 2020 e 2021 os 5 millóns de euros. En termos globais, desde o ano 2006 triplicouse o diñeiro destinado a este Programa.
- **Concesións:** desde o ano 2012, a media de prestacións concedidas é superior ao 70% das solicitudes presentadas anualmente. No último ano 2021, o número de concesións supera o 82% das solicitudes recibidas.
- **Evolución do número de Beneficiarias:** as beneficiarias dos últimos 5 anos representan máis do 68,7% do total de mulleres apoiadas desde a creación das prestacións fai 16 anos.

# 6.166 BENEFICIARIAS

## DESDE O ANO 2006.

- **Beneficiarias por provincia:** A Coruña é a provincia que suma un maior número de beneficiarias, máis do 41 % do total, seguida de Pontevedra cun 35,62%, Ourense cun 11,44% e finalmente Lugo co 11,1% das beneficiarias. A provincia de Coruña tamén ten o mellor ratio de concesións por número de solicitudes de toda Galicia.

### Prestacións periódicas a vítimas de violencia de xénero (ano 2021).

# 5.245.648,55 €

## ORZAMENTO ANO 2021.

# 612 BENEFICIARIAS

## ANO 2021.

- **Orzamento:** o orzamento de 2021 supera en máis de 3.400.000 € o orzamento do ano 2006.
- **Beneficiarias:** a porcentaxe de concesións de prestacións foi dun 82%. En termos xeográficos, a provincia de Lugo ten o maior ratio de concesións con respecto ás solicitudes presentadas na provincia cun 88,31%.

- **Acreditacións da situación de violencia de xénero:** na convocatoria do ano 2021, máis do 85,1% das beneficiarias acreditaron a situación de violencia de xénero con medidas xudiciais.
- **Beneficiarias en núcleos rurais:** o 55,52% das beneficiarias do ano 2020 residen en zonas intermedias ou pouco poboadas, vivindo nestas últimas (ZPP) máis do 16% do total de beneficiarias.
- **Beneficiarias por lugar de residencia:** O 44,44 % das beneficiarias residen en zonas densamente poboadas, das cales o 19,93 % viven nas principais cidades da provincia da Coruña (A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela). O 13,39% das beneficiarias totais residen en Pontevedra capital e en Vigo. No concello de Lugo e no de Ourense residen 5,6% e o 6,54% do total de beneficiarias respectivamente.

**44,44% DAS  
BENEFICIARIAS DO ANO 2021  
RESIDEN EN ZONAS DENSAMENTE  
POBOADAS.**

- **Nacionalidade das beneficiarias:** no ano 2021 tres de cada catro beneficiarias tiñan nacionalidade española.
- **Idade das Beneficiarias:** O 72% das beneficiarias da convocatoria do ano 2021 tiñan menos de 46 anos.

## 41% DAS BENEFICIARIAS DO ANO 2021 SON MENORES DE 36 ANOS.

- **Beneficiarias con fillas/os menores a cargo:** 315 mulleres, é dicir, o 51% das beneficiarias teñen fillas/os ao seu cargo no ano 2021.
- **Fillas/os menores a cargo das beneficiarias:** 241 rapazas e 246 rapaces son os menores a cargo das beneficiarias na última anualidade.
- **Beneficiarias e fillas/os menores ao seu cargo cunha discapacidade acreditada:** O 8,3% das beneficiarias acreditaron unha discapacidade (51mulleres) e 17 menores o 3,5% do total de rapaces/as a cargo das beneficiarias tamén acreditan esta situación.
- **Información laboral e económica das beneficiarias:** no ano 2021, o 78,59% das beneficiarias estaban desempregadas. En termos de renda, soamente un 14,7% das beneficiarias teñen un nivel de ingresos superior ao IPREM.
- **No ano 2021 acreditáronse 2 casos de vítimas de trata con fins de explotación sexual,** representando o 0,33% do total de beneficiarias un 60% menos que no ano 2020 no que se rexistraron 5 casos.

## 21,41% DAS BENEFICIARIAS TEÑEN UN EMPREGO E DESTAS O 78,62% RESIDEN NAS PROVINCIAS DA CORUÑA E PONTEVEDRA.

